

Galicia Encantada



ANIVERSARIO
2005 * 2025
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Toponimia

A orixe do nome da Pena do Viño

Antes de asfaltar a estrada que comunica San Román de Cervantes con Quindous e Degrada, concello de Cervantes (Lugo, o camiño era de terra. Cóntase que xunto esta pena, situada á altura da aldea de Chandeiro, na parroquia de San Pedro de Cervantes, poñíanse os veciños con garrafóns de viño para vender aos camiñantes que pasaban polo lugar. De aí o nome.

[Texto e fotografía de Xabier Moure Salgado. Achega de Anuncia, do mesón de Catroventos, no concello de Cervantes (Lugo). Xaneiro de 2014]

